

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE PRODUTORAS INDEPENDENTES-AGAPI PARA A ELABORACIÓN DO ANUARIO DO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO 2017

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación Galega de Produtoras Independentes-Agapi** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data da súa sinatura ata o 20 de setembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a realización de actividades relacionadas coa elaboración do estudo do sector audiovisual galego 2017, un labor de recompilación e escolma dirixido a recoller todos os datos e accións levadas a cabo no eido audiovisual durante o ano 2017 e que se concreta na elaboración final do Anuario do sector audiovisual.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación e de potenciar os programas de investigación e desenvolvemento cultural, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación Galega de Produtoras Independentes que permitan a súa participación na elaboración do estudo sobre o sector audiovisual galego correspondente ao ano 2017, en consonancia cun dos fins da Axencia, o de impulsar e realizar estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural. É este estudo unha importante ferramenta divulgativa e de consulta que ademais de servir de base a multitude de traballos de investigación ten como claro obxectivo contribuír ao desenvolvemento e difusión da cultura e lingua galegas. A recollida anual de datos cualitativos e cuantitativos reflectidos nestes estudos que se veñen realizando de forma ininterrompida dende o ano 2005 constitúen xa unha referencia no sector, un indicador obrigado indicativo dos avances do sector audiovisual en Galicia e do peso das industrias culturais galegas.






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

